

X CERTAMEN DE MONÓLOGOS CÓMICOS EN LINGUA GALEGA

Servizo Municipal de Educación



CONCELLERÍA
educación, memoria histórica,
innovación, industria e emprego


Introducción

Acción de dinamización lingüística na que se presentan monólogos cómicos creados e interpretados por alumnado de centros da Coruña.

Os monólogos interprétanse en galego e tratan temas de actualidade.

As persoas inscritas poderán solicitar os Talleres de introdución á interpretación de monólogos cómicos, co obxecto de axudarlles a revisar os seus textos e mellorar a súa interpretación cómica.

Os monólogos presentaranse nunha gala final cunha entrega de premios.



Obxectivos



OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar o uso da lingua galega no alumnado de ensino secundario, bacharelato e FP.
- Potenciar a comprensión e a expresión oral, así como a creatividade e a espontaneidade no uso da lingua galega

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Dárlle aos mozos e mozas un espazo para expresar as súas ideas.
- Aprender a controlar o medo escénico.
- Mellorar as habilidades de comunicación e oratoria.
- Mellorar a expresión corporal.

Condicions do programa

Cada centro docente poderá presentar o alumnado participante de maneira individual ou en grupos.

Cada alumno/a que se presente individualmente representará un monólogo.

Cada grupo estará integrado por un máximo de tres alumnos/as e representará un só monólogo

Establécense tres categorías diferentes:



CATEGORÍA A: alumnado de 1º e 2º curso da ESO.



CATEGORÍA B: alumnado de 3º e 4º curso da ESO.



CATEGORÍA C: alumnado de BACH e ciclos formativos da FP.

Organización

Inscripcións	Talleres	Gala
<p>Os centros con alumnado interesado deberán solicitalo ata o 17 de febreiro no enlace: https://www.coruna.gal/educacion/gl/plan-coruna-educa/detalle-programa/x-certame-de-monologos-comicos-en-lingua-galega-2022-23/contenido/1453801190274</p>	<p>O alumnado matriculado poderá participar nos obradoiros de introdución e interpretación de monólogos cómicos que se celebrarán os días 4 e 25 de marzo no Centro Ágora. Cada participante poderá escoller entre o horario de mañá de 11:00 a 13:00 horas ou o de tarde de 17:00 a 19:00 horas</p>	<p>A gala final celebrárase o 14 de abril no Centro Ágora e entregaranse os premios das 3 categorías</p>

Temas



CATEGORÍA A: 1º CICLO ESO:

- **Dime que materia impartes e direiche que docente es:**
Falemos dos tópicos do profesorado: o/a substituto/a, o/a "guay", o/a sarxento/a...
- **A evolución da tecnoloxía:**
Contámosche que inventos nos faltan, como debe evolucionar o corpo humano...

CATEGORÍA B: 2º CICLO ESO:

- **Por que saír fóra se temos Twitch?:** Twitch é máis divertido que as nosas amizades?
- **Trucos básicos para "enganar" aos pais e nais:** Tik tok está cheo de pequenos trucos, cóntanos o teu!

CATEGORÍA C: BACHILLER Y CICLOS FP:

- **O mundo do deporte:**
Ximnasio ou ao aire libre?, saúde ou "postureo"? deportes de moda.
- **Profesións do futuro:** Que profesións cres que faltan? E cales sobran? Que ten que ter o teu traballo perfecto?

BASES BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA EDUCATIVO “X CERTAME DE MONÓLOGOS CÓMICOS EN LINGUA GALEGA 2023” DA CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, MEMORIA HISTÓRICA, INNOVACIÓN, INDUSTRIA E EMPREGO

A Concellaría de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego, dentro dos programas educativos municipais “A Coruña Educa” do curso 2022/2023, cos obxectivos de potenciar a comprensión e a expresión oral, así como a creatividade e a espontaneidade na expresión oral do alumnado de ensino secundario en lingua galega, convoca o “X Certame de Monólogos Cómicos en Lingua Galega 2023”, dirixido ao alumnado de ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, coas seguintes bases:

1. PERSOAS DESTINATARIAS

1.1. Poderá participar no concurso o alumnado de educación secundaria, bacharelato e ciclos formativos de centros educativos situados no concello da Coruña.

1.2. Establécense tres categorías:

Categoría A: alumnado de 1º e 2º cursos da ESO

Categoría B: alumnado de 3º e 4º cursos da ESO

Categoría C: alumnado de bacharelato e ciclos formativos de FP.

1.3. Cada centro docente poderá presentar o alumnado participante de maneira individual ou en grupos.

1.4. O alumnado que se presente individualmente representará un monólogo.

1.5. Cada grupo estará integrado por un máximo de tres persoas e representará un único monólogo.

2. CARACTERÍSTICAS DOS MONÓLOGOS:

2.1. Os monólogos deberán versar sobre un dos seguintes temas:

- Categoría A: Dime que materia impartes e direiche que docente es / A evolución da tecnoloxía.
- Categoría B: Por que saír fóra se temos Twitch? / Trucos básicos para "enganar" aos pais e nais.
- Categoría C: O mundo do deporte / Profesións do futuro.

2.2. Os monólogos terán unha duración máxima de cinco minutos; representaranse exclusivamente en lingua galega e deberán tratar un dos temas establecidos para cada categoría nestas bases.

2.2. Os monólogos deberán ser "falados", non lidos. O feito de ler parte ou a totalidade do monólogo será causa de descualificación inmediata.

2.3. Os monólogos non deberán conter linguaxe sexista, racista nin palabras malsoantes e deberán respectar a dignidade das persoas.

2.5. Os monólogos pasarán a ser propiedade do Concello da Coruña e poderán ser utilizados por este en campañas de promoción da lingua galega.

3. LUGAR E DATA DO CONCURSO:

O concurso realizarase o venres 14 de abril de 2023 no Auditorio do Centro Cultural "Ágora".

O alumnado concursante deberá presentarse no teatro na hora determinada pola organización.

4. INSCRICIÓN:

4.1. O prazo de inscrición será do 25 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2023, a través da ficha específica do certame, que se atopa na web www.coruna.gal/educacion

4.2. A solicitude debe conter, de xeito obrigatorio, os seguintes datos: nome e apelidos da persoa/s autora/s do monólogo, NIF/NIE/pasaporte, enderezo postal, teléfono e enderezo electrónico de cada participante, curso e centro no que estuda e título do monólogo. Nome, enderezo electrónico e teléfono do/da profesor/a coordinador/a.

4.2. O prazo para enviar os monólogos por enderezo electrónico a info@vitaevents.es finalizará o 27 de febreiro. No envío, deben figurar os seguintes datos: o título do monólogo, o nome e apelidos da/s persoa/s autora/s, a categoría na que participan e o centro educativo onde estudan. No caso do alumnado que sexa menor de idade, achegarán ademais a autorización dos pais/nais ou titores legais do uso da imaxe.

5. O XURADO

5.1. O xurado do concurso terá a seguinte composición:

- dúas persoas monologuistas ou relacionadas co mundo das artes escénicas,
- unha persoa titulada universitaria en estudos de lingua Galega,
- unha persoa en representación do Concello da Coruña, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

5.2. O xurado valorará os seguintes criterios:

- orixinalidade do texto do monólogo,
- calidade lingüística, corrección e fluidez,
- dramatización do monólogo e
- axustarse ao tempo establecido nas bases para facer o monólogo.

Valorarase negativamente exceder os cinco minutos establecidos como tempo límite.

5.3. O xurado emitirá o veredicto o mesmo día do certame. Este veredicto será inapelable.

6. PREMIOS

6.1. As persoas gañadoras recibirán os seguintes premios:

6.1.1. As persoas clasificadas en primeiro lugar en cada categoría recibirán un diploma acreditativo da súa participación e un cheque por valor de 50€.

6.1.2. As persoas clasificadas en segundo lugar en cada categoría recibirán un diploma acreditativo e un cheque por valor de 30€.

6.1.3. As persoas clasificadas en terceiro lugar en cada categoría recibirán un diploma acreditativo e un cheque por valor de 20€.

7. A participación neste certame implica a aceptación destas bases.

Para a promoción do certame a organización porá a disposición das persoas participantes:

OBRADOIROS DE INTRODUCCIÓN Á INTERPRETACIÓN DE MONÓLOGOS CÓMICOS

O alumnado de ESO, bacharelato e ciclos formativos de grao medio de FP interesado en participar no certame, poderá asistir a dúas accións formativas dirixidos por un/a especialista na materia.

Estes obradoiros teñen coma obxectivos axudarlle ao alumnado a pulir os seus textos e mellorar a súa interpretación cómica.

Traballaranse os seguintes contidos:

- técnicas básicas para escribir comedia;
- estrutura do “gag”;
- formas de mellorar un texto cómico;
- como interpretar un texto cómico de xeito natural;
- regras non escritas en comedia e como rompelas; e
- trucos e experiencias persoais para actuar diante do público

A primeira acción formativa será de introducción á interpretación e a segunda servirá para reforzar o aprendido na primeira sesión e traballar sobre o seu monólogo.

O obradoiro de introducción á interpretación de monólogos cómicos desenvolveranse no Centro Ágora os días 4 e 25 de marzo.

As persoas interesadas terán que elixir na ficha de inscrición o día que prefiren asistir.

A inscrición é voluntaria e de balde.

CONTACTO

ORGANIZA:

Servizo Municipal de Educación



981 184 200, ext: 12041

COORDINA:

VitaEvents



692 876 602



info@vitaevents.es